



Galicia

## AXUDA EXTRAORDINARIA PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR UN ERTE COMO CONSECUENCIA DO COVID-19

### Acordo do Diálogo Social en Galicia

#### OBXECTO

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar as axudas para compensar a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras que se encontren afectadas por un ERTE derivado da Covid-19, con suspensión total ou parcial do seu contrato.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO

3.000.000 euros.

#### PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas traballadoras por conta allea, incluídas as fixas discontinuas, ou socias traballadoras de sociedades laborais e de cooperativas de traballo asociado que se viron afectadas ERTE a consecuencia da Covid-19.
- Ten que estar en ERTE ao menos 12 meses no período do 14 de marzo de 2020 ao 31 de xullo de 2021, ambos inclusive, aínda que sexa de maneira interrompida.
- Que o importe da totalidade dos rendementos declarados durante o período impositivo 2020 no IRPF non excedese de 14.000 euros.

#### CONTÍA DA AXUDA

Axuda de 500 euros por persoa beneficiaria.

#### SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>
- O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da orde reguladora desta axuda (DOG 184 do 23 de setembro de 2021).

#### COMPATIBILIDADE

No serán compatibles coas axudas ás persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE ETOP) de suspensión de contratos ou redución da xornada (TR820F) (ORDE do 19 de xuño de 2020).

#### PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.